

PRINCESA DUN PRINCIPE QUE NON CHEGARÁ

Vinte un día e os meus ollos non responderon, as miñas mans deixaron de sentir pero cando por fin me sorriches, sin ton nin son, boteime a chorar.

Non sei porque sinto isto por ti, porque só son unha rapaza máis para o mundo aínda que ti sexas o mundo para min.

Non sei como dicircho, vexote todos os días diante miña e da miña boca non saen palabras, do meu corpo non reacciona parte ningunha e para os meus ollos é o momento máis feliz do mundo, pero confórmome co teu sorriso que me fai sorrir.

Non atopo explicación para isto que sinto pero creo que lle chaman *amor* porque sen saber porque non deixo de pensar en ti a cada segundo que pasa, malia que as miñas esperanzas, fallidas ata o día de hoxe, xa que creo que non hai nada que se poida ver que explique esta sensación; pode que sexa a tua mirada, os teus beizos, o teu sorriso... porén eu penso que simplemente es ti.

Procuo deixar de pensar contigo e de seguir soñando desperta cada vez que pasas por diante miña pero é imposible, é como se me tiñeses collida e non me deixases escapar do teu carón, pero o peor é que me hipnotizas coa túa mirada, coa túa cara, cos teus ollos, cos teus cabelos, con cada parte do teu corpo, co teu amor.

Porque cada vez que soño contigo son feliz, claro que a desgraza chega cando me desperto en medio do beso final e non chego a saborear os teus succulentos labios; e así noite tras noite día tras día e volta a empezar.

Pasan moitos rapaces ao meu carón pero ningún é comparable a ti, por moito que teña que esperar no meu corazón sempre existirá un recanto para ti xa que nesta vida o último que se debe perder é a esperanza así como as ondas do mar nunca acaban, como o son do vento ao soprar calma pero nunca, nunca acaba a miña esperanza non vai acabar, demostrareiche que xunto a min o lume non sempre acaba queimándose, porque eu aínda sigo esperando a que ti cheges e como nos contos de preincesas saquesme a bailar e ilumines o meu día.

Agora por san Valentín é cando máis me recordo de ti, porque teño enriba da miña cama un ramo de rosas por cada día que me sorriches, é cada vez que a miña mirada as apunta lémbrome do día máis feliz da miña vida, cando te coñecín.

Por iso decidín que cada vez que o meu corazón se entristeza escribireiche unha carta para que cando ti algún día a leas, comprendas o que eu sinto por ti hoxe.

QUÉROTE